



# XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

## Poesía varia

### XOANIÑA

Xoaniña, voa, voa,  
que teu pai vai en Lisboa  
a buscar cousa boa...

Xoaniña pintureira, viva doa  
de vidro e de rubís, polos meus dedos,  
cómo me tornas estes ollos ledos  
e a voce que che canta o "voa, voa"!...

Qué música de tempos me resoa  
ao compás deses teus andares quedos!  
E agora que aprendiches os meus segredos  
iscas onda teu pai, que está en Lisboa.

Eu ficarei aquí, sempre agardando  
que tornes a enfeitar ista man miña  
e outravolta a lle dar rumbo derecho.  
A vida é dura i-o pechado é brando...,  
Mais eu sei que ao voltares ti, Xoaniña,  
Novo do trinque estrenarei o peito.

### Os ruíns (1936)

- ▶ Constaba de cinco historias ou contos: "O anarquista", "O suicida", "O asesino", "O ladroeiro"; "O Sátiro".
- ▶ Estaba no prelo da editorial Nós cando o fusilamento de Ánxel Casal levou á desaparición da devandita editorial e tamén desta obra. O autor non conservou copia do orixinal.

### Romance do pescador peleriño (1954).

Trátase dun longo poema en loanza do apóstolo Santiago.

### Poesía de circunstancias.

Poemas que apareceron en obras colectivas.

→ Poema dedicado a Ramón Cabanillas con motivo do seu pasamento.

*Meu don Ramón, meu vello compañoiro,  
Que, cásique sen tempo de enxergalo,  
Se me perdía, esguío, tras o valo  
dun Samos celestial, ledo e senlleiro.*

→ Varios poemas curtos ou epigramas de carácter festivo ou humorísticos, asinados co pseudónimo Pepe do Rollo, escritos entre 1968 e 1977.

Escribe o seu derradeiro poema **Solpor** en 1982.

## Poemas en Castelán

...  
iQué misterios sabe,  
qué secretos guarda,  
ese franciscano  
de túnica parda!...  
*La vetusta Tyde  
se postra a sus plantas.*  
...

Fragmento do poema TYDE



### Abril (1932)

27 poemas cheos de forza sentimental e dotados de gran madureza literaria

**Sonetos del alba insomne (1995)**  
37 poemas, parte deles inspirados na súa época zamorana que agardaron 40 anos para publicarse.

*A pega rabilonga  
e outras historias de tesouros  
(1971)*  
Contos de estilo moi clásico.



## O NARRADOR Novelas en castelán

### El crimen de la isla verde (1941) Una cabaña en el cielo (1952)

### En el pueblo hay caras nuevas (1945)

- ▶ Finalista do Premio Nadal a un punto da gañadora: *Nada* de Carmen Laforet
- ▶ Trama detectivesca escrita con grandes doses de ironía e humor.
- ▶ Desenvólvese nunha vila francesa, pero os espazos descritos poderían pertencer a calquera vila galega.
- ▶ Estruturada en capítulos cortos, todos de extensión semellante, centrados normalmente nun personaxe.

"O bo sacerdote da nosa novela en pouco se parecería aos que ordinariamente ocupan as páxinas dos libros, e existe un risco moi grave de que o culto lector se deixe arrastrar pola lembranza dese inimitable padre católico, cuxas divertidas e aleccionadoras aventuras relatou un contemporáneo escritor inglés, xa por desgraza falecido."

(Na vila hai caras novas, tradución de En el pueblo hay caras nuevas realizada por Alfonso Álvarez Cáccamo)



### Crecen las aguas (1956)

- ▶ Galardoada co premio "Pérez Galdós".
- ▶ Ocorre nas beiras do Miño, nos arredores de Tui.
- ▶ Apréciase un cariño e emoción pola paisaxe miñota que describe, a da súa infancia e primeira xuventude.



"Aquel inverno choveu dun xeito continuo. O Miño descendía, irado e turbio, invadíndo todo, sementando o dó ó seu paso. Aboiaban na auga lenños e animais, camiño do mar [...]."

(Enchen as augas, tradución de Crecen las aguas realizada por Alfonso Álvarez Cáccamo)

**Las estatuas no hablan (1955).**  
Ambientada en Valmiñán (Tui), nos anos 40.

## O DRAMATURGO



En 1936 di ter dúas pezas de teatro galego, que non se coñecen nin se sabe se se conservan.  
En castelán escribiu, en colaboración co seu irmán Emilio, en 1947:

El zapato de Cristal e Los pazos altivos. Conta con outra obra inédita: Por Castilla y por León (1941)

